

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 16 de novembro de 2010 pola que se declaran de utilidade pública diversas asociacións inscritas nos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Por iniciativa das correspondentes asociacións, poderán ser declaradas de utilidade pública aquelas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 32º da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións.

Os expedientes foron instruídos de conformidade co previsto no Real decreto 1740/2003, do 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asociacións de utilidade pública, e neles consta a documentación e os informes previstos na citada norma.

O Decreto 157/2008, do 10 de xullo, sobre asunción de funcións da Administración do Estado traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o Real decreto 1080/2008, do 30 de xuño, en materia de declaración de utilidade pública de asociacións, asigna estas funcións á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establecendo que será competente para resolver o procedemento de declaración de utilidade pública a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, logo da instrucción do procedemento polo órgano correspondente.

De conformidade cos informes favorables de declaración de utilidade pública, emitidos polos instrutores dos expedientes,

#### RESOLVO:

Declarar de utilidade pública as seguintes asociacións:

-*Asociación Avelañña de Axuda a Persoas con Problemas de Saúde Mental*, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Pontevedra co número 1997/4405-1ª.

-*Asociación Personas Sordas de Vigo*, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións Pontevedra co número 1972/169-1ª.

-*Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna*, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Pontevedra co número 1995/3559-1ª.

-*Asociación Red Madre Pontevedra*, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Pontevedra co número 2008/11236-1ª.

-*Asociación de Pais do Servizo de Tratamentos a Nenos con Discapacidades (STAND)*, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Coruña co número 1993/3465-1ª.

Contra esta orde que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrati-

vo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, podendo interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 30 de novembro de 2010 pola que se aproban as bases e se convocan axudas, complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do Programa comunitario de mobilidade Erasmus e de Sútza, para estudantes universitarios que participan nesta acción no curso 2010/2011.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31º, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, BOE do 19 xaneiro, DOG do 17 de febreiro, transfiriulle á Comunidade Autónoma de Galicia competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación no Decreto 62/1988, do 17 de marzo, DOG do 8 de abril.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, está a levar adiante unha política de asistencia económica aos estudantes, que queda concretada en diversas accións, co obxecto de favorecer, dentro das limitacións orzamentarias, a mobilidade de estudantes, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

En aplicación do anterior e sendo conscientes da importancia da mobilidade estudiantil, no senso de adquirir, actualizar, completar e ampliar as súas capacidades, coñecementos, habilidades, aptitudes e competencias para o seu desenvolvemento persoal e profesional, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, considera conveniente realizar unha convocatoria de axudas de mobilidade universitaria primando a excelencia no rendemento académico

que complemente o financiamento das axudas achegadas pola Unión Europea no marco do Programa de aprendizaxe permanente.

Cómpre subliñar que estas accións son compatibles coas bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral e de mobilidade para estudantes universitarios convocadas polo Ministerio de Educación e coas axudas que para este fin destina a Unión Europea no marco do Programa de aprendizaxe permanente. Como accións complementarias que son, cobren un ámbito de actuación común coas convocatorias de carácter estatal e un ámbito propio que, nalgúns casos e polas súas propias bases, permiten aumentar a cantidade da axuda que recibe o solicitante por parte do Ministerio de Educación.

Polo que antecede, esta consellería

### *DISPÓN:*

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convócanse, en réxime de concorrencia competitiva, axudas complementarias ao programa comunitario de mobilidade Erasmus e Suíza, destinadas aos estudantes seleccionados polas universidades do Sistema Universitario de Galicia ou polos centros asociados da UNED en Galicia que participan no citado programa de mobilidade universitaria durante o curso 2010/2011.

Artigo 2º.-*Orzamento e dotación económica.*

As accións derivadas desta convocatoria ascenden a un total de 500.000 euros. Sen prexuízo de poder ser incrementadas de acordo coas dispoñibilidades económicas da consellería, financiaranse con fondos propios da Comunidade Autónoma e con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.422C.480.0 do proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e presentado no Parlamento de Galicia para a súa aprobación, na cal existe crédito adecuado e suficiente, tramitaranse conforme o establecido na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 (DOG do 29 de novembro) e do 25 de outubro de 2001 (DOG do 29 de outubro), pola que se regula a tramitación anticipada de gastos, e quedará condicionada a adxudicación definitiva á existencia de crédito na aplicación orzamentaria 09.02.422C.480.0 dos orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2011.

Artigo 3º.-*Período.*

As actividades que se subvencionan nesta convocatoria serán realizadas durante o curso académico 2010-2011.

Artigo 4º.-*Requisitos.*

Poderán solicitar estas axudas os alumnos universitarios que cumplan os seguintes requisitos:

a) Ser cidadán da Comunidade Europea ou estranxeiro non comunitario con residencia legalizada no Estado.

b) Estar matriculado no curso 2010-2011 en calquera das universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia ou nos centros asociados da UNED nesta comunidade autónoma para realizar estudos universitarios oficiais conducentes aos títulos universitarios de graduado, licenciado, arquitecto, enxeñeiro, diplomado, mestre, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.

c) Participar no programa de mobilidade universitaria con autorización da universidade de orixe e ser beneficiario da axuda achegada pola Unión Europea no marco do Programa de aprendizaxe permanente para participar na acción de mobilidade para estudos dentro do Programa Erasmus ou do Goberno de Suíza. A duración mínima da estadía deberá ser de tres meses e a máxima que se computará para os efectos de concesión de bolsa de nove meses.

d) Non ter gozado desta axuda complementaria en convocatorias anteriores.

Artigo 5º.-*Compatibilidade.*

As axudas concedidas serán compatibles con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza e entidade que as conceda.

Artigo 6º.-*Solicitudes e prazo de presentación.*

1. As solicitudes, segundo o modelo ED417A que se publica como anexo I a esta orde, asinadas polo/a solicitante ou persoa que o/a representa, presentaranse no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, dirixidas á Secretaría Xeral de Universidades (edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela), ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, BOE do 14 de xaneiro, para a presentación de instancias.

Tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros oficiais das universidades do sistema universitario de Galicia, de conformidade coa Resolución do 25 de xuño de 2007, DOG do 3 de xullo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo en materia de rexistros administrativos.

Se a solicitude é remitida por correo presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo persoal de correos antes de que proceda á súa certificación postal.

Non se admitirán como medio de presentación de solicitudes servizos de mensaxaría privados.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primei-

ro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

*Artigo 7º.-Documentación que se deberá presentar.*

A solicitude presentarase xunto coa seguinte documentación:

a) Certificación académica completa, ou copia compulsada desta, en que se fará constar a nota media simple do expediente académico, obtida de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito, con data 21 de febreiro de 2005, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, publicado no DOG do día 23 de marzo de 2005 por resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005.

Os alumnos que estean cursando estudos de 2º ciclo (licenciado, arquitecto e enxeñeiro) por accederen desde unha titulación de 1º ciclo deberán enviar ademais a certificación académica deste.

b) Declaración responsable en que o solicitante indique se ten ou non solicitada ou concedida outro tipo de bolsa ou axuda para a mesma finalidade ante as administracións públicas ou outros entes públicos. Con este documento entenderase cumprido o requisito exixido no artigo 11º desta orde.

c) Documento facilitado pola entidade bancaria na cal desexa que lle sexa aboado o importe da axuda en que conste que é titular ou cotitular, o número da conta do cliente e os códigos que identifican o banco ou caixa, a oficina e o díxito de control.

*Artigo 8º.-Tramitación.*

1. Unha vez comprobado que as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde de convocatoria, expóranse as listas provisionais das solicitudes admitidas e excluídas nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas xefaturas territoriais e nas vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas, sinalando as causas de exclusión. Así mesmo, estas listas tamén poderán ser consultadas no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: [www.edu.xunta.es/](http://www.edu.xunta.es/)

2. As listas provisionais de admitidos e excluídos por documentación serán expostas o día 23 de xaneiro de 2011. Os interesados disporán dun prazo comprendido desde o día 24 de febreiro ao 7 de marzo de 2011, ambos os dous incluídos, para presentar ante a Secretaría Xeral de Universidades reclamación ou emenda das carencias ou deficiencias detectadas na documentación achegada. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión arquívase o expediente, logo da resolución de arquivo nos termos previstos no artigo 42º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Artigo 9º.-Criterios de distribución das axudas.*

1. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de conformidade co artigo 17º número 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Todos os solicitantes que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria, e teñan a documentación completa no prazo sinalado recibirán unha axuda económica uniforme en función da súa permanencia no programa, que se distribuirá do seguinte modo:

Un trimestre: 180 euros.

Un semestre: 360 euros.

Curso completo: 540 euros.

As universidades do sistema universitario de Galicia e os centros asociados da UNED, como entidades colaboradoras, enviarán á Secretaría Xeral de Universidades listaxes completas dos estudantes bolseiros do Programa Erasmus ou do Goberno de Suíza, indicando nome e apelidos do estudante, número do DNI, NIE, pasaporte ou tarxeta de extranxeiría, país de destino e duración da estada: trimestre, semestre ou curso completo.

3. Unha vez distribuída pola comisión avaliadora a contía uniforme citada anteriormente, o orzamento restante dispoñible adxudicarao tendo en conta a prioridade outorgada pola prelación da nota media simple do expediente académico obtida para cada solicitante -calculada cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito con data do 21 de febreiro de 2005 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do SUG- asignando a contía que corresponde a cada beneficiario en función dos tramos establecidos pola súa nota media simple:

Expediente académico	Contía
3,5 a 4,00	1.500 €
3,00 a 3,49	1.200 €
2,50 a 2,99	1.000 €
2,00 a 2,49	800 €
1,50 a 1,99	600 €
1,00 a 1,49	400 €
Menor de 1,00	200 €

*Artigo 10º.-Comisión avaliadora.*

1. A selección dos candidatos será realizada por unha comisión avaliadora integrada por:

Presidente: a subdirectora xeral de Universidades.

Vogais:

O membro do equipo de goberno da Universidade de Santiago de Compostela responsable da materia.

O membro do equipo de goberno da Universidade da Coruña responsable da materia.

O membro do equipo de goberno da Universidade da Vigo responsable da materia.

O xefe do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios.

Secretario: un funcionario da Secretaría Xeral de Universidades, que actuará con voz e voto.

2. Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da Secretaría Xeral de Universidades, ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

#### Artigo 11º.-Resolución.

1. Efectuada a selección pola comisión, esta elevará, a través da Secretaría Xeral de Universidades, un informe-proposta ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá a resolución correspondente. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116º e 117º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46º da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Para os efectos establecidos no artigo 23º, número 4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes entenderanse desestimadas de non ditarse resolución expresa no dito prazo.

3. Os solicitantes excluídos poderán solicitar a devolución da documentación presentada no prazo máximo de dous meses a partir da publicación da resolución de concesión das axudas no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 12º.-Pagamento.

As axudas aboaranse na conta bancaria indicada polo interesado, unha vez presentada a declaración responsable do conxunto das axudas solicitadas: tanto as aprobadas ou concedidas coma as pendentas de resolución para mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

#### Disposicións adicionais

Primeira.-A presentación de solicitude de concesión da axuda comportará autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, cando proceda.

A reserva que o petionario poida facer no senso de non autorizar a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

b) De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15º.2 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle competen, segundo dispón o artigo 14º.1 K da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo prevé o artigo 17º.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.-O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro, total ou parcial, polo beneficiario, segundo o disposto no artigo 33º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Consellerio de Educación e Ordenación  
Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**  
 Secretaría Xeral de Universidades

ANEXO

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS COMPLEMENTARIAS DO PROGRAMA DE ACCIÓN DA UE DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES ERASMUS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED417A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NÓME	DNI / NIF
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
PROVINCIA	LOCALIDADE		
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

**DATOS ACADÉMICOS**

<i>ESTUDOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA</i>		
UNIVERSIDADE	CAMPUS	
CENTRO	TITULACIÓN	
<i>ESTUDOS NO ESTRANXEIRO</i>		
UNIVERSIDADE	PAÍS	DURACIÓN DA ESTADÍA

**DATOS BANCARIOS**

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

COPIA DO DNI DO SOLICITANTE.  
 CERTIFICACIÓN ACADÉMICA COMPLETA OU COPIA COMPULSADA DESTA EN QUE SE FARÁ CONSTAR A NOTA MEDIA SIMPLE DO EXPEDIENTE ACADÉMICO (ART. 6º LETRA C DA ORDE DA CONVOCATORIA).  
 DECLARACIÓN RESPONSABLE EN QUE O SOLICITANTE INDIQUE SE TEN OU NON SOLICITADO OU CONCEDIDO OUTRO TIPO DE BOLSA OU AXUDA PARA A MESMA FINALIDADE.  
 DOCUMENTO FACILITADO POLA ENTIDADE BANCARIA.

Question below as you **DECLARE** that you expressly give your consent to the Consellería for that, in accordance with established in points 3 and 4 of article 13º of Law 4/2006, of 30 of June, of transparency and of good practices in the Administration public, and in the Decree 132/2006, of 27 of July, by which are regulated the public registries created in articles 44º and 45º of Law 7/2005, of 29 of December, of budgets of Galicia for the year 2006, publishes the subventions granted to this order in the *Diario Oficial de Galicia*, in its official web page and in the public registries referred, with expression of the beneficiary entity, the amount and its finality, in the form that determine the competent organ. The person who below as you make a declaration responsible of that you do not incur in any of the circumstances to obtain the condition of beneficiary, established in article 10, points 2º and 3º of Law 9/2007, of 13 of June, of subventions of Galicia. I authorize the Consellería of conformity with article 2º of the Decree 255/2008, of 23 of October, and of the order of the Consellería of Presidency, Administrations Publics and Justice, of 7 of July of 2009, that develops, for a consultation of my data of identity in the System of Verification of Data of Identity of the Ministry of Presidency.

SI       NON (Neste caso achéguese documentación)

In fulfillment of the disposed in article 5º of the Organic Law 15/1999, of protection of data of character personal, inform you that the data of personal collected in this application, will be incorporated in a file, for the treatment, with the finality of the management of this procedure. You can exercise the rights of access, rectification, cancellation and opposition provided in the law, by a written request to the Consellería as responsible of the file.

OBSERVACIÓNS

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 30 de novembro de 2010 pola que se aproban as bases e se convocan axudas complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do Programa comunitario de mobilidade Erasmus e de Suíza, para estudantes universitarios que participan nesta acción no curso 2010/2011.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

## ANEXO II

## DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

DON/DONA	DNI
CON ENDEREZO	

DECLARO:

- Que non solicitei e non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como que non existen outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.
- Que solicitei as seguintes axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto, a saber:

DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	ESTADO DA AXUDA (1)	IMPORTE

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

(1) Poñer "concedida", "pendente" ou "denegada", segundo corresponda.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 25 de novembro de 2010 pola que se modifica a Orde do 1 de xuño de 2009, pola que se delegan competencias nos xefes territoriais da Consellería do Medio Rural, e a Orde do 24 de abril de 2009 sobre delegación de competencias no secretario xeral.*

A execución dos traballos de loita contra os incendios forestais poden ocasionar ás veces distintos danos nos bens e terreos dos particulares. Estes danos, derivados do funcionamento desta Administración pública, son indemnizables mediante a tramitación dos oportunos expedientes de responsabilidade patrimonial.

Estes expedientes implican a realización de diversos trámites e a súa duración é prolongada, polo que os particulares tardan bastante tempo en obter a reparación desde que o dano se produciu.

Non obstante, a tramitación pode minorarse se se acorda a terminación convencional dos procedementos cos propietarios reclamantes, e acórdase fixar a indemnización económica ou a reparación dos danos directamente con medios propios da Administración nos supostos en que exista unha contía determinada inferior a 1.500 euros, cantidade coincidente cos expedientes que requiren ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Dado o elevado número de expedientes desta natureza, convén que a facultade que reside no conse-